

PEMU DO CONCELLO DE

Novembro de 2020

IDENTIFICACIÓN DO DOCUMENTO

VERSIÓN	Revisión	Data	Aprobación XLPC	Homologación
1	0	00/00/2018	00/00/2018	00/00/2018

REVISIÓNS DO PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

Nº Versión	Nº Revisión	Data	Descrición da modificación
1	0	00.00.2018	Elaboración do Plan
	1		Actualización dos contidos

CONTROL DAS REVISIÓNS DO PLAN

Versión/ Revisión	Aprobada por	Cargo	Data	Sinatura
			00.00.2018	

USO DA NOVA VERSIÓN DO DOCUMENTO BASE PARA A ELABORACIÓN DO PEMU

O PEMU ou Plan de Emerxencias Municipal é un documento de carácter técnico que recolle un conxunto de normas, medios dispoñibles, persoas e procedementos de actuación que deben ser a guía de resposta do Concello ás situacións de emerxencia que se podan producir nel.

Coa elaboración deste documento pretendese facilitar:

- A identificación e valoración dos riscos que podan existir no Concello.
- A xeración dun documento marco de actuación específico para cando se rexistren emerxencias no Concello.
- A identificación inequívoca dos medios humanos e materiais que intervén no Plan de Emerxencias Municipal, e as relación xerárquicas entre eles.
- A elaboración de procedementos Específicos de Actuación para os grupos intervinientes, no caso de producirse algún dos riscos identificados no Plan de Emerxencias Municipal.
- A definición e a estandarización dos procedementos de aviso, comunicación e notificación relacionados co PEMU, así como o establecemento dos procedementos de actualización do Plan.

Para facilitar a elaboración do PEMU, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, facilita este documento co texto base en negro, que inclúe unha serie de **apartados explicativos, en cor azul**, habitualmente no principio do apartado, que deben ser eliminados na versión final do documento (documento final para homologar), **xunto con estas páxinas de información**.

Os parágrafos en azul pretenden ser unha guía que resolva as dúbidas máis frecuentes na realización do Plan e a súa misión é unicamente explicativa.

Do mesmo xeito, tamén se inclúe unha serie de etiquetas, en laranxa, co texto **"Nome do Concello"** que debe ser substituído polo nome que corresponda (utilizar o tipo de letra e a mesma cor empregada no resto do documento).

Pódese utilizar tamén a función "Edición/Buscar e Remprazar con...", do editor de textos co que se abriu este documento para facer máis doada esta operación.

Nos apartados relativos a Organización do PEMU encóntranse zonas sombreadas  para lembrar que neste lugar hai que indicar o Cargo ao que se lle asigna a figura da que se trate.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 2 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	--------------

Así mesmo, recoméndase incluír unha portada personalizada co escudo do Concello e outros elementos que se consideren.

Este é un documento de mínimos **e pódese modificar, ampliar, reducir, engadir anexos ou outros contidos** a criterio do redactor ou redactores do Plan.

NOTAS XERAIS SOBRE A ELABORACIÓN DO PEMU

- **MOI IMPORTANTE:** A CORRECTA CITACIÓN DAS FONTES É FUNDAMENTAL EN CALQUERA ESTUDO CIENTIFICO E TÉCNICO, POLO QUE DEBE AO LONGO DO DOCUMENTO PEMU INDICARSE A FONTE DE INFORMACIÓN. ASÍ MESMO INCLUIRÁSE NA BIOGRAFÍA, ENTENDENDO COMO TAL AS FONTES PUBLICADAS E ACCESIBLES COMO LIBROS, ARTÍGOS EN REVISTAS, LEIS, DECRETOS, PÁXINAS WEB, ETC.. TODAS ESTAS FONTES PODEN SER UTILIZADAS E DEBEN SER CITADAS NO PEMU.
- Incluír no Documento PEMU e nos Anexos só a información necesaria e relacionada co Concello. Débese procurar **simplificar ó máximo** tódolos procedementos e explicacións (é mellor un Plan breve e sinxelo que un moi detallado e confuso).
- Non deixar puntos en branco no documento final. En todo caso suprimilos.
- Neste documento, nas diferentes figuras do Plan, titulares, suplentes, Grupos operativos, responsables, etc., para designar ós integrantes, **non utilizar o seu nome, nin os teléfonos das persoa** (xa que este é un documento público que pode ser consultado por calquera ou publicado na páxina web do Concello) empregar o Cargo ou definición xenérica do posto e non incluír o nome nin o teléfono. Isto xa se fai no Anexo da Axenda telefónica que relaciona os cargos coas persoas, a súa dirección e os medios de contacto.
- No caso de empregar abreviaturas débense aclarar ó pe de páxina ou mellor incluílas no Glosario de Termos.
- Se se desexa engadir información adicional coma táboas, gráficos, coordenadas, información sobre determinados elementos, medios, eventos, etc., é mellor incluílos nun anexo específico si son moi extensos.
- Se o Concello dispón de praias, zonas especiais de recreo ou lecer, ou outros puntos de interese onde se concentre un elevado número de persoas é conveniente acompañar mapas de situación e tódalas informacións

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 3 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	--------------

(teléfonos, fotos, gráficos, cróquese, planos, contactos, medios, etc.) dispoñible que poda facer falta nun caso de emerxencia (sempre en documentos anexos).

- E convinte engadir nun Anexo do PEMU os Plans de autoprotección dos Centros ou instalacións dos que sexa titular o Concello incluíndo os plans para festas, eventos, concentracións etc. En todo caso, haberá que relacionar as actividades que contan con devandito plan, sexa o non titular o Concello, e que están suxeitas ás disposicións do Decreto 171/2010.
- Unha vez rematados os traballos, realizado o Documento PEMU, os anexos correspondentes, os PAMs necesarios, o Catálogo de Medios e Recursos e reunida a cartografía necesaria (incluída os mapas de riscos), cumpre envialo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para a súa revisión, en formato dixital.
- Revisado o documento polo personal técnico da Dirección Xeral para comprobar que é homologable, se informará ao concello para que modifique o documento u ben remita dous copias en papel e outra en formato dixital, para elevar á Comisión Galega de Protección Civil.
- Unha vez homologado cumpre aprobalo no Pleno do Concello, publicarlo **e implantalo.**

O contido mínimo do PEMU segue o modelo de estrutura do PLATERGA, Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.

Para calquera dúbida ou aclaración pode poñerse en contacto coa Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, a través do seguinte enderezo electrónico:

proteccioncivil.emerxencias@xunta.gal

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 4 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	--------------

ÍNDICE

<u>GLOSARIO DE TERMOS</u>	<u>9</u>
<u>CAPÍTULO I. DEFINICIÓN, OBXECTIVOS E MARCO LEGAL</u>	<u>12</u>
INTRODUCCIÓN	12
DEFINICIÓN	13
OBXECTIVOS	14
ANTECEDENTES E MARCO LEGAL	15
1.4.1 ANTECEDENTES	15
1.4.2 MARCO LEGAL	15
<u>CAPÍTULO II. INFORMACIÓN TERRITORIAL</u>	<u>18</u>
SITUACIÓN	18
RELEVO	18
HIDROGRAFÍA	19
CLIMATOLOXÍA	20
VEXETACIÓN	20
2.5.1 ESPAZOS NATURAIS OU PROTEXIDOS	21
DEMOGRAFÍA E SISTEMA DE ASENTAMENTOS	21
INDUSTRIAS E SISTEMA PRODUTIVO	21
EVENTOS CON CONCENTRACIÓN DE PERSOAS	22
INFRAESTRUTURAS BÁSICAS SUSCEPTIBLES DE DANOS NO CONCELLO	22
<u>CAPÍTULO III. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS.</u>	<u>24</u>
IDENTIFICACIÓN DE RISCOS	24
3.1.1 ÍNDICES EMPREGADOS	25
ÍNDICE DE PROBABILIDADE (IP)	25
ÍNDICE DE DANOS (ID)	25
ÍNDICE DE RISCO (IR)	26
3.1.2 MATRIZ DE RISCOS	27
ANÁLISE DE RISCOS	28
3.2.1 RISCOS NATURAIS	28
3.2.2 RISCOS TECNOLÓXICOS	30
3.2.3 RISCOS ANTRÓPICOS	31
3.2.4 OUTROS RISCOS	32

ANÁLISE DAS CONSECUENCIAS	33
CADRO RESUMEN DE CONSECUENCIAS	35
CAPÍTULO IV. ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIÓNS	36
ESQUEMA XERAL DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	36
DIRECCIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL	38
COMITÉ ASESOR	39
DIRECCIÓN TÉCNICA DA EMERXENCIA.	40
POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)	41
GRUPOS OPERATIVOS.	42
4.6.1. GRUPO DE INTERVENCIÓN	42
4.6.2. GRUPO SANITARIO E DE ACCIÓN SOCIAL	44
4.6.3. GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE	45
4.6.4. GRUPO DE APOIO TÉCNICO E REHABILITACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS	48
CAPÍTULO V. CENTROS DE COORDINACIÓN	50
CECOPAL	50
5.1.1 SALA DE CONTROL DE OPERATIVOS (SACOP)	52
5.1.2 CENTRO DE INFORMACIÓN (CIN):	53
CAPÍTULO VI. OPERATIVIDADE DO PEMU	54
PROCEDEMENTOS OPERATIVOS	54
6.5.1. INTEGRACIÓN E INTERFASE DO PEMU COS NIVEIS SUPERIORES	56
DESMOBILIZACIÓN E VOLTA A NORMALIDADE	59
AUTORIDADES ÁS QUE É NECESARIO COMUNICA-LA EMERXENCIA	60
CAPÍTULO VII. MEDIDAS DE PROTECCIÓN	61
MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SOCORRO Á POBOACIÓN	62
1.1.1. ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS	62
1.1.2. AVISOS Á POBOACIÓN AFECTADA	62
1.1.3. EVACUACIÓN E ASISTENCIA SOCIAL	63
1.1.4. LUGARES SEGUROS DE REFUXIO OU ILLAMENTO	63
1.1.5. SEGURIDADE CIDADÁ	63
1.1.6. CONTROL DE ACCESOS NA ÁREA DE AUXILIO	63
MEDIDAS DE PROTECCIÓN AOS BENS	63

MEDIDAS DE PROTECCIÓN AOS BENS DE INTERESE CULTURAL	64
MEDIDAS DE PROTECCIÓN AO MEDIO AMBIENTE	64
MEDIDAS REPARADORAS	64
1.1.7. ESTABLECEMENTO DE SISTEMAS ALTERNATIVOS DE ELECTRICIDADE, AUGA E COMUNICACIÓN.	64
1.1.8. RESTABLECEMENTO DOS SERVICIOS PÚBLICOS AFECTADOS.	65
1.1.9. ACCIÓNS ESPECIFICAS PARA A VOLTA Á NORMALIDADE.	65
CAPÍTULO VIII. AVISOS Á POBOACIÓN	66
CONDICIONANTES	66
CARACTERÍSTICAS DAS COMUNICACIÓNS	67
MEDIOS A EMPREGAR	67
1.1.10. CRITERIOS	67
1.1.11. MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL SELECCIONADOS	68
CAPÍTULO IX. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS	69
SISTEMA DE CODIFICACIÓN EMPREGADO	70
DESCRICIÓN DO CÓDIGO	70
INTEGRACIÓN DO CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS	70
CAPÍTULO X. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE DO PEMU	71
IMPLANTACIÓN DO PEMU	71
MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE	71
PROGRAMA DE FORMACIÓN DOS GRUPOS OPERATIVOS	72
PROGRAMA DE EXERCICIOS	73
PROGRAMA DE SIMULACROS	74
CADRO RESUMO PROGRAMA DE SIMULACROS	75
PROGRAMA DE INFORMACIÓN Á POBOACIÓN	76
PROGRAMA DE REVISIÓNS E ACTUALIZACIÓNS DO PLAN	77
NOTIFICACIÓNS AOS INTEGRANTES DESTE PEMU	78
CAPÍTULO XI. INTEGRACIÓN NO PLATERGA	79
CAPÍTULO XII. ANEXOS DO PEMU DE NOME DO CONCELLO	80
SERVIZOS DE EMERXENCIA EXISTENTES	¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.
1.1.12. BOMBEIROS	¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.

- 1.1.13. POLICÍA LOCAL _____ ¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.
- 1.1.14. SERVICIO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL _____ ¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.
- 1.1.15. AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL _____ ¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.
- 1.1.16. GES _____ ¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.
- 1.1.17. OUTROS GRUPOS DE EMERXENCIA _____ ¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.

CAPÍTULO XIII. PAMS**97**

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 8 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	--------------

GLOSARIO DE TERMOS

Revisar e actualizar este apartado, se é o caso

Si se considera oportuno, pódense engadir outros termos que se contemplan no respectivo PEMU do Concello correspondente.

Relación de termos e acrónimos empregados neste documento. Para efectos do PEMU DE **Nome do Concello**, defínense os seguintes termos:

ALARMA: Detección e aviso da proximidade ou inminencia dun perigo.

ALERTA: Período anterior á ocorrencia dun suceso non desexado, no que se debe aumentar a atención ou vixilancia, co fin de tomar precaucións xerais, para evitar ou minimizar danos.

AXEGA: Axencia Galega de Emerxencias. Ente instrumental encargado da xestión de emerxencias, nos termos establecido na Lei de Emerxencias de Galicia.

BOE: Boletín Oficial do Estado.

CARTOGRAFÍA OFICIAL: A realizada con suxeición ás prescricións da Lei 7/1986 de ordenación da cartografía, polas administracións públicas, baixo a súa dirección e control.

CECOP. Centro de Coordinación Operativo. Habitualmente é o lugar onde se sitúa a Dirección do Plan ou Comité de Dirección, o Comité Asesor, segundo sexa o caso, e os medios técnicos do SACOP e/ou CIN.

CECOP-GALICIA: Centro de Coordinación para Operativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Habitualmente coincide coa sede do CIAE 112 Galicia, salvo que no Plan se indique outro.

CECOPAL: Centro de Coordinación Operativo Municipal.

CECOPI: Centro de Coordinación Operativo Integrado.

CIAE 112 GALICIA: Centro Integrado de Atención as Emerxencias 112 Galicia. Servizo Público da Xunta de Galicia que xestiona o número único para emerxencias 112. Este número atende, xestiona e coordina as chamadas de urxencia e emerxencias recibidas na Comunidade Autónoma de Galicia. Adscrito á Consellería con competencias en materia de Protección Civil e xestionado pola AXEGA.

CIN: Centro de Información.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 9 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	--------------

COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL: Órgano colexiado de coordinación e cooperación das Administracións públicas en Galicia en materia de Protección Civil, *en base a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.*

CENTRO DE RECEPCIÓN DE MEDIOS:

DIRECTOR TÉCNICO DE OPERACIÓN: Persoa que avalía, dirixe e coordina tecnicamente a emerxencia.

DISPOSITIVO: Conxunto de actuacións encamiñadas a dar resposta diante dunha emerxencia.

DOG: Diario Oficial de Galicia.

EMERXENCIA: Situación crítica de perigo na que o risco pode materializarse en accidente que require una actuación inmediata e a que é necesario dar resposta axeitada coa intervención de medios e recursos dispoñibles.

FCSE: Forzas e Corps de Seguridade do Estado. Conxunto de forzas de seguridade de carácter profesional e permanente que a Lei Orgánica 2/1986 pon ao servizo das Administracións Públicas para o mantemento da seguridade pública, compostas polas forzas e corpos de seguridade do Estado dependentes do Goberno da nación, os Corps de Policía dependentes da Comunidade Autónoma e os Corps de Policía dependentes das Corporacións Locais.

GES: Grupos de Emerxencia Supramunicipais

GRUPO OPERATIVO: unidades formadas por un conxunto de medios humanos e materiais a través das cales se organiza a intervención e acción efectiva en situacións de emerxencia, cunhas responsabilidades e accións claramente definidas para cada un deles.

INTERFASE: Interconexións de dous plans.

MOBILIZACIÓN: Conxunto de operacións para a activación de medios, recursos e servizos dos diferentes grupos operativos recollidos no PEMU.

NIVEL: Fase de actuación.

OPERATIVO: Conxunto de actuacións programadas diante dun feito coñecido de antemán.

PAM: Plan de Actuación Municipal.

PEMU: Plan de Emerxencias Municipal.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 10 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

PLATERGA: Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA): Posto de dirección técnica das accións de control e seguimento da emerxencia "in situ".

PUNTO DE ENCONTRO: zona previamente definida a onde ten que dirixirse as persoas que se evacúan, onde se reciben medios externos nunha emerxencia, onde se reúnen os medios de intervención, ou definida para calquera outra actuación.

PUNTO NEGRO: Zona ou lugar que, pola reiteración de accidentes, presenta un alto risco.

PXOM: Plan Xeral de Ordenación Municipal. Instrumento básico de ordenación integral do territorio dun municipio, a través do cal clasifícase o solo, determínase o réxime aplicable a cada clase, e defínense os elementos fundamentais do sistema de equipamentos do municipio.

REDE DE COMUNICACIÓNS: Conxunto de medios de telecomunicacións, radioeléctricos e/ou por cable que permiten o enlace entre o CECOPAL, posto de mando avanzado, medios intervintes, centrais de comunicacións, medios externos e, en xeral, de canto elemento interveña no Plan de Emerxencia.

RISCO: Fenómeno ou suceso de orixe natural, tecnolóxico ou xerado pola actividade humana, non desexado que pode producir danos a persoas, bens ou entorno medioambiental.

SACOP: Sala de Coordinación Operativa.

SMPC: Servizo Municipal de Protección Civil

SERGAS: Servizo Galego de Saúde.

XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL: Comité Asesor de Protección Civil a nivel local, segundo o establecido no Decreto 101/2016, do 21 de xullo, polo que se regulan os órganos de coordinación, cooperación administrativa e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 11 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CAPÍTULO I. DEFINICIÓN, OBXECTIVOS E MARCO LEGAL

Revisar e actualizar este capítulo, se é o caso

INTRODUCCIÓN

A Norma Básica de Protección Civil constitúe o marco fundamental para a integración dos plans de Protección Civil nun conxunto operativo e susceptible dunha rápida aplicación. Determina o contido do que debe planificarse, establece os criterios xerais a que debe acomodarse esta planificación para conseguila coordinación necesaria entre as distintas administracións públicas e define os ámbitos nos que se exercerán as responsabilidades e competencias en materia de protección civil.

O Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), a partir da súa configuración como Plan Director, fixa o marco organizativo xeral no ámbito territorial de Galicia, de maneira que permite a integración dos plans territoriais de ámbito inferior, ao definir os elementos esenciais e permanentes do proceso de planificación e establecer directrices para a planificación de ámbito local.

En virtude do disposto no PLATERGA realízase o PEMU DE **Nome do Concello** como instrumento no que se determina a estrutura xerárquica e funcional dos organismos obrigados a intervir, establecéndose un sistema de coordinación dos medios e recursos que se poden empregar (tanto públicos como privados) para a prevención e actuación ante situacións de risco no Concello de **Nome do Concello**.

Para a súa elaboración tívose en conta o disposto no PLATERGA, así como a Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia TÍTULO III- *A acción pública de protección civil e emerxencia*- CAPÍTULO I- *Planificación*, nos seus artigos 31 e seguintes e para a súa aprobación e homologación, seguírase o indicado no apartado 11.3 do Capítulo 11, do citado Plan, publicado a través da Resolución do 02/08/2010, (DOG nº 153 do 11 de Agosto de 2010).

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 12 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

DEFINICIÓN

O Plan de Emerxencia Municipal do Concello de **Nome do Concello**, denominado en adiante PEMU DE **Nome do Concello**, é un instrumento de carácter técnico, composto por un conxunto de normas e procedementos de actuación que constitúen o sistema de resposta da Administración Local fronte a calquera situación de emerxencia que se produza no ámbito territorial do Concello de **Nome do Concello**.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 13 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

OBXECTIVOS

O PEMU DE **Nome do Concello** ten dúas vertentes, unha preventiva e de autoprotección, e outra claramente operativa coas que se perseguen os seguintes obxectivos:

- Organizar as funcións básicas de protección civil a nivel do Concello de **Nome do Concello**.
- Identificar e analizar os distintos riscos a nivel do Concello de **Nome do Concello**.
- Determinar as medidas de prevención fronte ós riscos detectados.
- Coordinar tódolos recursos municipais para proceder a dar unha resposta rápida en caso de emerxencia.
- Promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá.
- Informar e concienciar á poboación sobre os riscos e medidas de protección.
- Integrar o PEMU DE **Nome do Concello** no PLATERGA de acordo coas directrices marcadas por este último.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 14 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

ANTECEDENTES E MARCO LEGAL

1.4.1 ANTECEDENTES

HISTÓRICO DOS SUCESOS MAIS RELEVANTES

Antes de comezar coa elaboración do documento PEMU é convinte facer un breve estudio das situacións de emerxencia que ocorreron no Concello nos derradeiros ano. Se fará referencia aos sucesos históricos, pois no apartado de análise de riscos farase un estudio en profundidade.

Pódese encontrar información sobre este asunto en diversos arquivos do propio Concello, hemerotecas, web de diarios, actuacións das AVPC, Bombeiros, GES, informes da Policía Local, etc., así como nas memorias anuais dos Servicios.

Esta información determinará en gran medida o Mapa de Riscos do Concello, as zonas afectadas, a estacionalidade e a vulnerabilidade fronte a cada risco en concreto. Análise de Riscos.

1.4.2 MARCO LEGAL

Si se considera de interese pódense engadir referencias a disposicións legais se:

- a. O Concello promulgou normas ou se adoptaron acordos en materia de Protección Civil*
- b. Si se estimase que o Concello está afectado por riscos químicos, transporte de mercadorías perigosas, inundacións, ou outros riscos con Normativa específica.*
- c. Se no Concello hai implantadas empresas con PEE*

Revisar e actualizar este apartado, se é o caso

O marco legal do PEMU DE **Nome do Concello** queda constituído por:

NORMATIVA ESTATAL

- Constitución Española.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes
- Real Decreto 407/ 1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 15 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

- Real Decreto 734/2019, do 20 de decembro, polo que se modifican directrices básicas de planificación de protección civil e plans estatais de protección civil para a mellora da atención ás persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de especial vulnerabilidade ante emerxencias.
- Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Real Decreto 1468/2008, do 5 de setembro, polo que se modifica o Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Orde PCI/488/2019, do 26 de abril, pola que se publica a Estratexia Nacional de Protección Civil, aprobada polo Consello de Seguridad Nacional.
- Directriz básica de Transporte de Mercadorías Perigosas. Real Decreto 387/1996, de 1 de marzo.
- Real Decreto 1196/2003, polo que se aproba a Directriz Básica de Protección Civil para o control e planificación ante o risco de accidentes nos que interveñen substancias perigosas.
- Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes ós accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas
- Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais
- Resolución do 31 de xaneiro de 1995. da Secretaría de Estado de Interior. pola que se dispón a publicación do Acordo que aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o Risco de Inundacións.
- Resolución do 2 de agosto de 2011, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo que aproba o Plan Estatal de Protección Civil ante o risco de inundacións
- Directriz básica de Risco Sísmico. Resolución do 5 de maio de 1995

NORMATIVA AUTONÓMICA

- Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia.
- Resolución do 02/08/2010 pola que se publica o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA).

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 16 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia.
- Decreto 109/2004, do 27 de maio, de modificación co Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia.
- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 02/08/2010 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil fronte ao Risco Sísmico de Galicia (SISMIGAL).
- Resolución do 13 de marzo de 2002, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, pola que se dispón a publicación do Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia.
- Orde do 24 de xuño de 2002, pola que se dispón a aprobación e publicación da revisión e actualización do Plan de Protección Civil ante o Risco de Nevaradas en Galicia.
- Orde do 24 de xuño de 2002, pola que se dispón a aprobación e publicación do Plan de Protección Civil ante Situacións de Seca en Galicia.
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e a regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orde (ANUAL) pola que se zonifica o territorio con base no risco especial de incendio forestal.
- Orde (ANUAL) pola que se determina a época de perigo alto de incendios.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 17 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CAPÍTULO II. INFORMACIÓN TERRITORIAL

Este punto fai referencia a situación xeográfica do Concello. Cada un dos apartados seguintes non debería ocupar máis de media páxina. En todo caso débese adaptar os contidos a realidade do Concello. Debese incluír mapas descritivos no anexo de Cartografía, moitos deles descargables na web do SITGA:

<http://mapas.xunta.gal/visores/basico/>

A recompilación dos datos dos seguintes apartados pódese facer dende o PXOM do propio Concello, das consellerías da Xunta de Galicia, dos diferentes Servizos municipais (urbanismo, obras, augas, etc.) da Deputación ou dos Organismos titulares das infraestruturas.

SITUACIÓN

Neste apartado débese describir o Concello dunha forma resumida e débese indicar:

- *Provincia e comarca na que se encontra o Concello.*
- *Coordenadas xeográficas nas que se encadra.*
- *Delimitación con outros Concellos.*
- *Superficie do Concello e medidas aproximadas N-S, L-O.*
- *Parroquias, Capital do Concello e núcleos mais importantes de poboación.*

RELEVO

Realizarase unha descrición resumida do marco físico do terreo municipal resaltando (no caso de que o Concello teña): serras , vales, litoral e rías, superficies planas (chairas), depresións tectónicas, etc., indicando altitudes máximas e mínimas, altura sobre o nivel do mar e outros datos que se consideren necesarios.

No apartado de serras describirase so as serras e montes situados por enriba de 700 m, indicando os nomes das poboacións próximas, actividades que se realizan nestes lugares, vías de comunicación, etc.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 18 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

No suposto de que o Concello este bañado por algunha ría ou polo mar realizarase unha descrición dos apartados seguintes:

- *Km. de litoral costeiro*
- *Accidentes orográficos máis importantes (cabos, golfos, illas, etc.)*
- *Praias e zonas de baño (Km. de praias e número de usuarios, e cales están incluídas no Plan Sapruga)*
- *Portos pesqueiros e recreativos*
- *Zonas húmidas costeiras*
- *Riqueza marisqueira e pesqueira*
- *Instalacións fixas na costa (depuradoras, cetáreas, etc.)*

HIDROGRAFÍA

Neste punto incluíranse as cuncas fluviais que drenan o Concello (ríos principais, afluentes, cursos de auga, rega, etc. Preferiblemente por orde decrecente do caudal dos ríos que discorran polo Concello.

A ser posible indicárase:

- *Lonxitude da cunca ou río ó longo do Concello*
- *Afluentes da mesma*
- *Caudais medios en época invernal e en época de estiaxe*
- *Presencia ou non de praias fluviais*
- *Encoros (capacidade, altura, etc.)*
- *Minicentrales hidroeléctricas*
- *Usos do río (pesca, abastecementos de auga, etc.)*
- *Zonas húmidas no caso de existir*
- *Lagoas naturais*
- *Inundacións históricas e desbordamentos producidas nos derradeiros anos*

Pódese complementar con información do organismo de bacía que corresponda: Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Duero, Cantábrico, dependendo da zona. Compre indicar, estacións de medida, estacións da rede da calidade da auga, redes SAIH-SAICA, CEMA, etc., podendo extraer os datos das web dos organismos.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 19 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CLIMATOLOXÍA

A información deste apartado cómpre que sexa aportada pola Delegación de AEMET na Coruña. Para elo, pódese poñer en contacto coa Dirección xeral de Emerxencias e Interior, que a solicitará de xeito oficial, tendo ademáis consensuado coa devandita delegación, a información que debe conter o PEMU.

Lembrar que haberá que facer referencia a que este apartado foi elaborado pola Axencia.

Este punto incluírá unha breve descrición da climatoloxía e as variacións estacionais, apoiándose en datos meteorolóxicos referidos ós últimos anos.

Deberían incorporarse gráficas de: pluviosidade, temperatura e velocidade do vento (Rosa de Ventos).

VEXETACIÓN

Breve referencia ó tipo de vexetación predominante no Concello. Neste apartado debese incluír información sobre os solos, o uso a que se dedican, unha breve referencia ós incendios forestais e as zonas de especial protección. O IET no seu visor presenta tamén unha capa de usos do solo.

Ademáis, compre:

- *Indicar a extensión da masa arborada, tipo de vexetación arbórea (superficie de monte arborado e monte raso) e localización das mesmas no Concello.*
- *Indicar a superficie das zonas dedicadas a agricultura e á gandería.*
- *Facer referencia a zonas queimadas por incendios forestais durante os derradeiros 15, 10 e 5 anos, en monte arborado e monte raso. Información útil para o análise de riscos.*

Pódese solicitar información ao Distrito Forestal.

A información se debe complementar con mapas no anexo de Cartografía.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 20 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

2.5.1 ESPAZOS NATURAIS OU PROTEXIDOS

Si existe esta figura de protección no Concello, só é necesario unha breve referencia ás características (moi resumidas), localización, vías e ríos que os atravesan e a súa extensión

Información dispoñible a través de diversas web, como a a da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia, Consellería de Medio Ambiente de Ordenación do Territorio, etc.

DEMOGRAFÍA E SISTEMA DE ASENTAMENTOS

En este apartado débese dar unha visión xeral do poboamento e asentamentos da poboación dentro do Concello. É importante indicar:

- *Número de habitantes do Concello (de feito e de dereito)*
- *Pirámide de idade dos habitantes do Concello e por sectores de poboación.*
- *Parroquias e lugares do Concello co número de habitantes e infraestruturas de comunicación terrestre de cada parroquia, facendo especial fincapé na localización das aldeas, vilas, lugares, etc., ofrecendo a imaxe de dispersión rural, urbano, periferia, contínuum rural-urbano, etc.*
- *Evolución demográfica nos derradeiros 50 anos e principalmente nos últimos 10 anos. Previsión futura de crecemento da poboación*

Pódese conseguir esta información actualizada cos datos do propio Concello ou consultando a web do Instituto Galego de Estatística ou do Instituto Nacional de Estatística, utilizando datos o máis actualizados posibles.

INDUSTRIAS E SISTEMA PRODUTIVO

*É importante recoñecer a existencia e localización de calquera industria ou empresa (ou concentración delas) **que polas súas especiais características, poda producir un incidente con risco para as persoas, bens ou medio ambiente.** En especial, empresas ou industrias con alto risco de incendio (carpinteiras, almacéns de mobles, destilerías, almacén de pneumáticos, etc.) ou que manexen produtos químicos (droguerías, almacéns de butano, propano, produtos agrícolas, almacéns de pintura, estacións de servicio, etc.) ou con procesos industriais ou produtivos intensos (uso de fornos, reactores químicos, plantas de asfalto, etc.)*

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 21 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

En especial hai que facer referencia ós Parques empresariais existentes, ás empresas que podan ser fonte de perigos ubicadas nesa localización e ós medios de protección (bocas de rega, hidrantes, etc.) que poidan existir.

Tamén sería conveniente que se agregasen ao directorio telefónico os teléfonos de contacto desas empresas e ó anexo de cartografía tódolos planos e mapas referentes a elas, así como anexar o Plan de Autoprotección que deberían ter.

Para elo, pódese consultar na plataforma REGAPE, Rexistro de Plans de Autoprotección de Galicia, os PAUs redactados no ámbito do concello.

EVENTOS CON CONCENTRACIÓN DE PERSOAS

Se entende como evento con concentración de persoas as feiras, festas, romeiras, eventos culturais e deportivos e os actos periódicos nos que se reúnen un número considerable de persoas.

Debe facerse unha relación dos eventos, pequena descrición, datas, localización, aforo aproximado, uso ou non de pirotecnia, e outros riscos ou situacións que poderían coincidir, facendo fincapé nos riscos que se poderían xerar.

En función destes eventos podería ser necesario establecer Plans de actuación, que deben recollerse no PEMU, incluíndo no directorio telefónico os teléfonos de contacto dos organizadores ou empresas colaboradoras, e ao anexo de cartografía tódolos planos e mapas referentes a elas..

INFRAESTRUTURAS BÁSICAS SUSCEPTIBLES DE DANOS NO CONCELLO

Dunha maneira resumida débese falar da rede viaria presente no Concello, e da súa titularidade. Do mesmo xeito débese facer coa rede ferroviaria, gasística, eléctrica, de subministro de auga, oleodutos ou gasodutos, etc.

Entre outras, pódense utilizar as seguintes fontes de información;

<http://mapas.xunta.gal/portada>

<http://www.geoportalgasolineras.es/#/Inicio>

Cumpre sinalar a presenza de estacións de autobuses, estacións de tren, portos, aeroportos, embalses e presas, centrais de comunicacións (telefónicas, radio,

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 22 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

datos, etc.) gasolineras, almacéns de butano, estacións de aprovisionamento de auga e de depuración de augas residuais (ETAP, EDAR) puntos limpos, vertedoiros, etc., ou calquera outro elemento que poda ser importante nunha situación de emerxencia (inundacións, temporais, nevadas, incendios, etc.).

Estas infraestruturas tamén poden ser fontes de riscos. En todo caso débense ter en conta a hora de determinar os riscos presentes no Concello.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 23 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CAPÍTULO III. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS.

Os riscos defínense como os posibles fenómenos ou sucesos de orixe natural, tecnolóxico ou xerados pola actividade humana, que poden dar lugar a danos para as persoas, os seus bens e/ou o medio ambiente.

A finalidade deste punto é descubrir, recoñecer e rexistrar os riscos empregando situación acaecidas no Concello, recollidas no apartado de Antecedentes, e outras informacións existentes.

Farase unha descrición pormenorizada dos posibles riscos que se poidan presentar no Concello indicando zonificación, estacionalidade e ponderación dos mesmos, identificando as causas e a orixe dos riscos ou dos sucesos ou situacións que tiveron ou poden ter un impacto no mesmo.

Os métodos que se poden utilizar para a análise de riscos poden ser cualitativos, semicuantitativos ou cuantitativos.

Os métodos cualitativos caracterízanse esencialmente por no recorrer a cálculos numéricos e adóitase expresar con niveis do tipo "alto", "medio" e "baixo" para definir as consecuencias, as probabilidades ou o nivel de risco.

Soen estar baseados en técnicas de análise crítico e, entre eles, o Análise histórico consiste en un estudio sobre accidentes ocorridos no pasado. En base ó anteriormente dito, recomendase o Método Simplificado de Avaliación de Riscos, descrito na Addenda do Manual Básico de Protección Civil (1992), que consiste en determinar a matriz de análise de riscos a partir dos valores asignados a probabilidade e as consecuencias, de acordo cun criterio determinado.

IDENTIFICACIÓN DE RISCOS

Revisar e actualizar este apartado, se é o caso.

Débese comprobar nos correspondentes plans especiais de Protección Civil e no PLATERGA a clasificación do Concello para cada tipo de risco (risco alto, medio ou baixo) e se está ou non afectado por un PEE ou está augas abaixo dun encoro.

Pártese para este estudo da información histórica recompilada e outros datos relacionados coa topografía, presenza de industrias, redes de comunicación, infraestruturas, etc., feita en apartados anteriores, sobre a ocorrencia de eventos ou sucesos que potencialmente poidan orixinar danos (estimación de perigo) e da análise dos elementos que poidan verse afectados como: a poboación, bens

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 24 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

económicos, patrimonio histórico, as infraestruturas, os espazos naturais, etc. (estimación da vulnerabilidade).

A fiabilidade deste método non reside nunha análise exhaustiva das causas dos sucesos, senón da frecuencia con que cabe esperar os devanditos acontecementos.

Para esta análise é suficiente con fixar catro niveles de risco: Baixo, Medio, Alto, Moi Alto.

Este método fai un cálculo obxectivo dos riscos a través de varios índices. O Índice de Risco que estima o risco que ten un Concello de sufrir unha catástrofe, o Índice de Probabilidade que estima a posibilidade que se materialice ese risco e o Índice de Danos estima as repercusións que tería ese evento ou suceso.

3.1.1 ÍNDICES EMPREGADOS

No relativo aos Índices de probabilidade e Índices de danos previsibles, é necesario xustificar os valores dados aos mesmos para cada risco identificado.

ÍNDICE DE PROBABILIDADE (IP)

O valor depende do número de veces que se pode repetir un suceso cando se dan condicións e circunstancias similares, en función dos seguintes valores:

- IP = 0- Sen constancia ou menos de unha vez cada 30 anos - Pouco probable
- IP = 2 - Prodúcese unha vez entre 10 e 30 anos.- Probable
- IP = 3 - Prodúcese cada 10 anos ou menos.- Moi Probable
- IP = 4 - Prodúcese cada ano unha ou máis veces.- Case seguro

ÍNDICE DE DANOS (ID)

Este índice trata de analizar os efectos que produce sobre o Concello o impacto dun fenómeno determinado, tendo en conta factores como: os efectos sobre as persoas, os efectos sobre as infraestruturas e edificacións, efectos sobre o medioambiente (atmosfera, auga, solo, fauna e flora) e número de falecidos.

Os valores asignados ó Índice de Danos Previsibles (ID) por razón do risco son:

- ID= 0 - Sen danos.
- ID= 1- Pequenos danos materiais o ao medioambiente, sen afectados.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 25 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

- ID= 2- Pequenos danos materiais ou ao medioambiente, e/ou algún afectado.
- ID= 5- Importantes danos materiais ou ao medio ambiente e/ou numerosos afectados, con interrupción transitoria nos servizos esenciais e con posibilidade de algunhas vítimas mortais.
- ID= 10- Danos materiais moi graves, con interrupción sostida dos servizos esenciais ou danos irreparables ao medio ambiente e posibilidade dun número elevado de vítimas mortais.

ÍNDICE DE RISCO (IR)

Para a descrición do risco, e a análise do mesmo, pátense dos índices de probabilidade (IP) e de danos (ID), mencionados anteriormente, para acadar o índice de risco (IR), que ven dado polo produto

$$\boxed{IP \times ID = IR}$$

Segundo o valor obtido, podemos clasificar o nivel de risco (para cada risco en concreto) en:

ÍNDICE DE RISCO	NIVEL DE RISCO
Maior de 20 (> 20)	Moi Alto
Entre 9 e 20 (9 - 20)	Alto
Entre 5 e 8 (5 - 8)	Medio
Entre 0 e 4 (0 - 4)	Baixo

3.1.2 MATRIZ DE RISCOS

ÍNDICE DE DANOS	0	1	2	5	10
ÍNDICE DE PROBABILIDADE					
0					
2		2	4	10	20
3		3	6	15	30
4		4	8	20	40

A seguinte táboa mostra todos os riscos analizados neste municipio, permitindo unha rápida visión de conxunto e identificando, ao ordenarse cuantitativamente, aqueles riscos que maior importancia adquiren no Concello de **Nome do Concello**.

Esta fase constitúe o punto esencial para posteriores labores de prevención, redución ou minoración de riscos no Concello.

[illegible]

ANÁLISE DE RISCOS

En cada apartado débese empezar por definir o risco identificado no apartado anterior de forma moi resumida. E despois, dicir a Localización (en base aos datos atopados no apartado de antecedentes), Estacionalidade (épocas do ano no que é maior o risco), Ponderación: valor alto, medio, baixo,.. que se debe corresponder co calculado no apartado anterior) e as medidas que se adoptaran no caso de que se produza (sobre todo se son riscos con ponderación alta). Seguir o seguinte esquema para cada risco:

- *Risco de Descrición*
- *Localización no Concello (ou puntos afectados, ou parroquias, ou entidades de poboación)*
- *Estacionalidade*
- *Ponderación*
- *Medidas adoptadas (se é o caso)*

En base a esta información elaborárase o Mapa de Riscos do Concello, onde se representen as zonas afectadas polos riscos identificados e incluírase como un apartado dentro do Anexo de Cartografía).

3.2.1 RISCOS NATURAIS

Son aqueles riscos debidos a factores xeográficos e climatolóxicos. En ocasións son riscos predicibles en función da situación climatolóxica e xeográfica das zonas.

Adoitan manterse nun nivel constante ao longo do tempo con períodos de retorno largos.

En xeral obrigan a unha planificación sobre as consecuencias, se estas son catastróficas, entre os que se inclúen:

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 28 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

Inundacións: Crecidas ou avenidas.

Acumulacións Pluviais.

Rotura de presas ou danos graves.

Movementos gravitatorios: Desprendementos, deslizamentos ou Afundimentos do terreo.

Asociados a fenómenos atmosféricos: Nevadas.

Xeadas.

Aludes.

Ondas de frío.

Granizo.

Choivas torrenciais.

Vendavais.

Ondada no mar.

Seca

Incendios forestais (por raio)

Os riscos clasificados neste apartado e dos que se fai o estudo son:

- **Risco de Descrición**

- Localización no Concello (ou puntos afectados, ou parroquias, ou entidades de poboación)
- Estacionalidade
- Ponderación
- Medidas adoptadas (se é o caso)

- **Risco de Descrición**

- Localización no Concello (ou puntos afectados, ou parroquias, ou entidades de poboación)
- Estacionalidade
- Ponderación
- Medidas adoptadas (se é o caso)

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 29 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

3.2.2 RISCOS TECNOLÓXICOS

Son aqueles causados pola aplicación e/ou uso de tecnoloxías desenvolvidas polo home, consecuencia do progreso industrial.

Os seus efectos son facilmente planificables coñecendo o sector ao que pertencen, as materias que empregan e a súa cantidade, etc., pero non se pode definir "a priori" en que momento se vai a materializar o risco. Pertencen a este tipo:

Riscos industriais: Fuga, incendio, explosión.

Incidencias en procesos industriais susceptibles de xerar accidentes maiores.

Contaminación fluvial.

Contaminación da capa freática ou chans en xeral.

Contaminación atmosférica.

Riscos no transporte de mercadorías perigosas

O factor de prevención é moi importante, podéndose reducir de modo drástico o risco de afectación externa.

Os riscos clasificados neste apartado e dos que se fai o estudo son:

- **Risco de Descrición**

- Localización no Concello (ou puntos afectados, ou parroquias, ou entidades de poboación)
- Estacionalidade
- Ponderación
- Medidas adoptadas (se é o caso)

- **Risco de Descrición**

- Localización no Concello (ou puntos afectados, ou parroquias, ou entidades de poboación)
- Estacionalidade
- Ponderación
- Medidas adoptadas (se é o caso)

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 30 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

3.2.3 RISCOS ANTRÓPICOS

As medidas de protección indicadas no PEMU de **Nome do Concello**, son as accións encamiñadas a impedir ou diminuír os danos a persoas e bens materiais, naturais ou culturais que poidan producirse, ou que se producen, en calquera tipo de emerxencia no ámbito territorial deste Concello.

As medidas de protección, refírense a:

1. Medidas de protección á poboación, considerándose como mínimo os seguintes:

- Avisos á poboación afectada
- Confinamento en lugares seguros
- Evacuación e asistencia social
- Seguridade cidadá
- Control de accesos

2. Medidas de socorro, considerando as situacións que representan unha ameaza para a vida e saúde de as persoas:

- Busca, rescate e salvamento
- Primeiros auxilios
- Transporte sanitario
- Clasificación, control e evacuación de afectados con fins de asistencia sanitaria e social
- Asistencia sanitaria
- Albergue de emerxencia
- Abastecemento (referido aos equipamentos e subministros necesarios para atender á poboación afectada)

3. Medidas de intervención para combater o suceso catastrófico

4. Medidas de protección aos bens, considerando:

- A súa protección propiamente dita
- Evitar riscos asociados

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 61 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

5. Medidas reparadoras referidas á rehabilitación dos servizos públicos esenciais, cando a súa carencia constitúa unha situación de emerxencia ou perturbe o desenvolvemento das operacións.

Para garantir estas actuacións, pode ser necesario ademais, realizar outras medidas tales como:

- Regulación do tráfico
- Condución dos medios á zona de intervención
- Apoio loxístico aos intervenientes
- Establecemento de redes de transmisión
- Abastecemento (referido aos equipamentos e subministracións necesarias para atender aos actuantes)

MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SOCORRO Á POBOACIÓN

Débase desenrolar dunha forma concisa e resumida as accións pertinentes para cada un dos puntos seguintes. Pódense engadir outros puntos ou accións que se considere necesario.

1.1.1. ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS

Busca e rescate dos superviventes.

Tratamento inicial dos feridos.

Triaxe sanitario, se fose necesario

Transporte sanitario.

Albergue de emerxencia.

Prioridades

1.1.2. AVISOS Á POBOACIÓN AFECTADA

Indicar como se efectúan estes avisos.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 62 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

1.1.3. EVACUACIÓN E ASISTENCIA SOCIAL

A evacuación é a acción fundamental, como medida de protección eficaz antes de que se manifeste un risco potencial, ou ben para minora-las consecuencias a persoas despois de producirse unha catástrofe que lles afecte, en determinados casos.

A evacuación considerase como o traslado e afastamento, despois do desaloxo, dun grupo de persoas a lugares considerados seguros, realizado dun xeito ordenado e controlado.

Explicar como se desenrolará, que colabora e quen é o responsable

1.1.4. LUGARES SEGUROS DE REFUXIO OU ILLAMENTO

Indicalos. Tamén ten que figurar no Catálogo de Medios e Recursos. Indicar si dispón de servizos básicos coma calefacción, cociña, duchas, etc.

1.1.5. SEGURIDADE CIDADÁ

Indicar as accións básicas que se executarán. Control de accesos, levantamento de cadáveres, seguridade pública, colaboración na evacuación

1.1.6. CONTROL DE ACCESOS NA ÁREA DE AUXILIO

Indicar como e que vai facer a :

Habilitación de accesos.

Regulación do tráfico na zona da emerxencia.

Seguridade na zona de intervención.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN AOS BENS

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 63 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

Indicar as medidas xerais protectoras de bens que poidan ser afectados pola catástrofe.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN AOS BENS DE INTERESE CULTURAL

Indicalas. Con especial atención a:

Bibliotecas.

Arquivos municipais.

Outros bens de carácter público

MEDIDAS DE PROTECCIÓN AO MEDIO AMBIENTE

Indicar as medidas xerais protectoras de bens que poidan ser afectados pola catástrofe

MEDIDAS REPARADORAS

Procedementos para restablecer os servicios coa maior brevidade.

1.1.7. ESTABLECEMENTO DE SISTEMAS ALTERNATIVOS DE ELECTRICIDADE, AUGA E COMUNICACIÓN.

Indicar como, quen e de que forma vai a facelo.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 64 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

1.1.8. RESTABLECEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS AFECTADOS.

Indicar como, quen e de que forma vai a facelo.

1.1.9. ACCIÓNS ESPECIFICAS PARA A VOLTA Á NORMALIDADE.

Indicar como, quen e de que forma vai a facelo.

CAPÍTULO VIII. AVISOS Á POBOACIÓN

Unha vez definida a información que desde o CIN se vai transmitir, o Director do PEMU DE **Nome do Concello** establecerá o xeito, a periodicidade e o alcance dos contidos que se transmitirán á poboación afectada en particular e ao resto da poboación en xeral.

Os mecanismos baséanse nos medios de comunicación social con cobertura no Concello, unha vez que se estableceron protocolos, convenios ou acordos para garantir, durante toda a emerxencia, unha boa difusión dos mensaxes destinados á poboación.

O Director do PEMU poderá establecer, cos medios, os mecanismos que considere oportuno en función das necesidades de cada emerxencia, determinando, en cada momento, o contido da información que se vai a difundir, e facilitando os comunicados a través do CIN.

CONDICIONANTES

No momento de difundir a información á poboación, seguiranse as seguintes indicacións:

- Será facilitada unicamente polo Director do PEMU ou persoa que el designe (Responsable do CIN). Ningunha outra persoa está autorizada para realizar esta función.
- As informacións serán sinxelas, contrastadas e realizadas ante o maior número posible de representantes de medios de comunicación.
- Preferiblemente o Director do PEMU fixará de antemán o horario de comparecencias públicas.
- No caso de existir varios organismos intervinientes na emerxencia empregárase, preferiblemente, a rolda de prensa e as informacións serán consensuadas con anterioridade, podendo utilizarse, se é o caso, os Gabinetes de Comunicación existentes.
- Débese evitar a desinformación e as informacións contraditorias (sobre todo nos caos nos que haxa varios organismos traballando) que danarían gravemente a credibilidade, podendo producir alarma social inxustificada ou situacións de pánico.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 66 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

- Procurarase realizar sempre os avisos á poboación que realmente estea afectada pola emerxencia, sen provocar alarmas inxustificadas noutros sectores da poboación.

CARACTERÍSTICAS DAS COMUNICACIÓNS

Deben ser:

- **Claros:** empregando frases e palabras sinxelas entendibles por todos
- **Concisas:** empregando o menor número de palabras posibles
- **Exactas:** indicando de maneira exacta cal é a actitude que é preciso adoptar
- **Suficientes:** sen omitir nada que sexa preciso coñecer, pero o mesmo tempo sen entrar en detalles superfluos
- **Reiteradas.** Para manter un certo grado de atención.

MEDIOS A EMPREGAR

Cumpre desenrolar como se van a facer estas comunicacións, cos medios existentes na zona. Dicir si se empregarán medios online, de radiodifusión, en papel, Bandos, etc.

1.1.10. CRITERIOS

Para as comunicacións empregaranse os medio locais de RADIO e TELEVISIÓN dispoñibles, *incluso de Concellos limítrofes*, que ten cobertura no Concello.

Unicamente se fose necesario empregaríanse medios de radio e de televisión públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para casos puntuais ou zonas afectadas moi concretas, nas que por necesidade ou operatividade aconsellarán utilizalo e sempre a criterio do Director do PEMU, pódense usar sistemas de megafonía móbil ou vehículos de emerxencias dando consignas, sopesando en todo momento o impacto que xeraría estas formas agresivas de información.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 67 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

1.1.11. MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL SELECCIONADOS

MEDIO	TELÉFONOS	CONTACTO

CAPÍTULO IX. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

O Catálogo de Medios e Recursos mobilizables fronte a emerxencias do Concello de **Nome do Concello** é un instrumento informativo de apoio na execución do PEMU de **Nome do Concello** nos seus distintos niveis de intervención.

O Catálogo de Medios e Recursos de Protección Civil do PEMU de **Nome do Concello** están formados por arquivos de datos descritivos, numéricos e gráficos onde se recolle toda a información relativa aos medios e recursos pertencentes ás distintas Administracións Públicas, organizacións, entidades, agrupacións, asociacións, empresas e cidadáns, mobilizables fronte ás emerxencias municipais recollidas neste PEMU.

O Catálogo de Medios e Recursos deste PEMU recóllese no Anexo correspondente, que se realizou seguindo as instrucións da AXEGA e a actualización dos contidos do mesmo farase coa mesma regularidade coa que se actualice o PEMU.

Con carácter xeral, no caso dunha emerxencia declarada e en relación cos contidos deste Catálogo, seguiranse as seguinte pautas:

- 1) Para a prevención e o control das situacións de emerxencia que se produzan no Concello, utilizaranse preferiblemente, os medios propios públicos que se requiran en cada caso, segundo as previsións establecidas. So no caso de non existir medios públicos suficientes ou necesarios, ou non poder dispoñer deles, utilizaríanse, si a situación así o require, medios privados.
- 2) No emprego dos medios necesarios para a emerxencia outorgarase sempre prioridade aos dispoñíbeis no Concello fronte aos de fora, e aos recursos públicos fronte os privados.
- 3) No caso de previsión de uso de medios privados, estableceranse convenios e acordos de utilización dos devanditos medios para as emerxencias cos titulares dos mesmos, debendo reflectir os procedementos de mobilización e indemnizacións ou contra prestacións polo seu uso, se é o caso.
- 4) O uso temporal de calquera ben privado, así como a intervención ou ocupación transitoria do mesmo (recurso) para a emerxencia, levarase a cabo de conformidade co disposto na lexislación vixente na materia.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 69 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

5) En tódolos casos seguirase o principio de proporcionalidade entre a necesidade que se pretende atender e o medio que se considere adecuado para iso.

6) Nunha actuación de emerxencia, si se danaran medios ou recursos externos ou privados, os titulares dos mesmos ten dereito a ser indemnizados de acordo co prexuízo sufrido.

SISTEMA DE CODIFICACIÓN EMPREGADO

No Catálogo do PEMU de **Nome do Concello** empregase unha codificación orgánica, asinando a cada Medio ou Recurso, un código numérico e agrupándoos en función do tipo de recurso e medio, a súa finalidade, os seus caracteres, etc., segundo o indicado pola AXEGA e en consonancia co Catálogo Nacional de Medios e Recursos da Dirección General de Protección Civil.

DESCRIPCIÓN DO CÓDIGO

X	XX	XXX	X
<u>Tipo de Recursos</u>	<u>Familia do Recurso</u>	<u>Grupo</u>	<u>Subgrupo</u>
1.- Medios humanos 2.- Medios materiais 3.- Recursos de infraestructura	Identifica o recurso pola súa finalidade	Corresponde aos elementos de semellantes características	Identifica o elemento dentro do grupo

INTEGRACIÓN DO CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

Coa finalidade que o Catálogo de Medios e Recursos deste PEMU este perfectamente integrado noutros de nivel superior, seguíronse as indicacións e procedementos de catalogación ditadas pola AXEGA, empregando as ferramentas online dispoñibles para tal función.

O feito de utilizar este sistema de codificación e empregar os medios de catalogación dispoñibles da AXEGA, fai que este Catálogo sexa integrable.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 70 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CAPÍTULO X. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE DO PEMU

IMPLANTACIÓN DO PEMU

Enténdese por implantación, a efectos do PEMU de **Nome do Concello**, a preparación dos procedementos para a activación efectiva do Plan no momento que sexa necesario, así como a divulgación e difusión do contido do mesmo as persoas que interveñen, aos medios externos que podan ser necesarios e poboación do Concello en xeral.

Coa implantación do PEMU preténdese que tódalas persoas involucradas no Plan atópanse adestrados para actuar de forma rápida e eficaz, e o publico en xeral sabe que facer cando se produce unha situación de emerxencia.

As actividades básicas para a implantación deste PEMU inclúe:

- Sesións informativas coas persoas incluídas neste PEMU.
- Confección dos Manuais Operativos correspondentes para cada Grupo.
- Formación e adestramento do persoal involucrado (Exercicios e simulacros)
- Información á poboación (campañas de información, información a través da páxina web, folletos descritivos, etc.)
- Verificación implantación (revisións e actualizacións)

MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE

Por mantemento da operatividade enténdese un conxunto de accións encamiñadas a garantir tanto que os procedementos de actuación previstos no PEMU DE **Nome do Concello** sexan plenamente operativos, que están actualizados e que se adecúan a modificacións futuras que podan ocorrer no Concello.

Para que este PEMU sexa operativo considérase imprescindible que tanto o persoal que está involucrado nel como a poboación en xeral, exerciten unha serie de actitudes encamiñadas a minimizar os efectos dos riscos neste Concello.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 71 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

Para conseguir isto planifícase e execútase de forma periódica, unha serie de exercicios e simulacros (Programa de formación) nos que se intentará que participen o maior número posible de persoas.

Os exercicios planéanse como unha actividade formativa que tende a familiarizar aos actúantes coa organización, os medios e as técnicas a utilizar no caso de producirse a activación do PEMU, podendo consistir so no aviso ou activación unicamente dunha parte do persoal e medios adscritos ao Plan

Os simulacros, por outra banda, consisten nunha activación simulada do PEMU, na que se debe contar coa poboación previsiblemente afectada.

PROGRAMA DE FORMACIÓN DOS GRUPOS OPERATIVOS

Modificar o texto si está constituída a Xunta Local de Protección Civil ou non, e si esta forma o Comité Asesor.

O Director do PEMU e o Comité Asesor ou a Xunta Local de Protección Civil, se é o caso, xunto co Director Técnico de Operacións, **aprobarán o Plan de Formación e adestramento** dos diferentes grupos intervinientes nel.

Proporán, para cada Grupo de Acción:

- Contido dos adestramentos
- Programa de actividades

Como norma xeral tódolos grupos deben efectuar un exercicio de forma individual como mínimo unha vez ao ano, e un simulacro, con tódolos integrantes, tamén con periodicidade anual.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 72 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

PROGRAMA DE EXERCICIOS

GRUPO	PERIODICIDADE	OBSERVACIÓNS
INTERVENCIÓN		
SANITARIO E DE ACCIÓN SOCIAL		
APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE		
APOIO TÉCNICO E REHABILITACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS		

PROGRAMA DE SIMULACROS

Co obxecto de comprobar a operatividade do PEMU DE Nome do Concello, os simulacros perseguen coñecer:

- O funcionamento e efectividade dos sistemas de transmisións e aviso á poboación.
- A rapidez de resposta dos Grupos Operativos e a aplicación das medidas de protección.
- O funcionamento (en condicións ficticias) dos Grupos Operativos e unha primeira avaliación da súa eficacia.

Nos simulacros anuais que se realicen deberán participar tódolos Grupos Operativos e nos que se procurará que participen a maior cantidade posible de persoas, estean ou non relacionadas co PEMU.

A preparación e desenvolvemento do simulacro constará dunha proposta detallada da situación de emerxencia e a realización dunha lista de comprobación co obxectivo da posterior avaliación dos resultados.

Unha vez realizados os simulacros e analizados os resultados, de ser preciso, tomaranse as medidas correctoras pertinentes, ou revisarse a operatividade do PEMU.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 74 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CADRO RESUMO PROGRAMA DE SIMULACROS

TIPO	PERIODICIDADE	OBSERVACIÓNS

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 75 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

PROGRAMA DE INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

Modificar o texto si está constituída a Xunta Local de Protección Civil e si esta forma o Comité Asesor.

Coa información á poboación preténdese dar a coñecer ao público en xeral as actuacións que se levarán a cabo en situacións de emerxencia. Por esta razón, co fin de familiarizarse con elas e coa intención de facilitar a aplicación doutras medidas de protección máis amplas, se é necesario, considerase fundamental que a poboación do Concello teña un coñecemento suficiente do contido do PEMU DE **Nome do Concello** e das actitudes que deben adoptar no caso de producirse unha emerxencia.

Con este fin o Director do PEMU, xunto coa Xunta Local de Protección Civil ou o Comité Asesor, *indicar cal* se é o caso, levará a cabo, entre outras, algunha das seguintes accións:

- Campañas de sensibilización entre a poboación en xeral e actitudes que deben adoptar no caso de aviso dunha emerxencia
- Folletos descritivos coas medidas de autoprotección básicas.
- Charlas e conferencias sobre os obxectivos e medios do PEMU DE **Nome do Concello** (con especial atención no relativo a actuación da poboación).
- Demostracións de accións de protección persoal.
- Participación en exercicios e simulacros
- Información cada vez que se produza unha activación do PEMU DE **Nome do Concello** (sexa real ou simulada).

De acordo coa lexislación vixente **o PEMU DE Nome do Concello será público e poderá ser consultado por calquera persoa física ou xurídica que o solicite**, podéndose incluír dentro das campañas de divulgación e sensibilización a distribución resumida do contido do Plan.

O documento PEMU deste Concello estará dispoñible para a consulta da poboación en xeral en [REDACTED]

Podendo solicitar copia simple do mesmo (excepto dos Anexos).

Como medida de información básica a poboación, **o PEMU DE Nome do Concello**, estará na páxina web do Concello. <https://www.....> [REDACTED]

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 76 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

PROGRAMA DE REVISIÓNS E ACTUALIZACIÓNS DO PLAN

Modificar o texto si está constituída a Xunta Local de Protección Civil e si esta forma o Comité Asesor.

A revisión do Plan consiste no repaso dos contidos do documento, con especial atención aos riscos identificados, as medidas para contrarrestar as consecuencias dos mesmos e a organización da resposta.

Con periodicidade anual os medios e recursos do Concello relacionados neste PEMU serán actualizados, seguindo as instrucións do Director Técnico de Operacións, coa finalidade de manter a operatividade dos mesmos e manter actualizado o Catálogo de Medios e Recursos.

O persoal usuario destes medios será o responsable de realizar a verificación operativa dos mesmos, informando ao Director Técnico de Operacións comprobacións efectuadas e as incidencias que se presenten.

Destas modificacións será informado o Director do PEMU DE **Nome do Concello** e a Xunta Local de Protección Civil, ou ao Comité Asesor, *indicar cal* que poderán acordar as medidas necesarias para adecuar os medios e recursos dispoñibles as necesidades do Plan.

En futuras versións deste documento rexistrarase, nos cadros correspondentes, as revisións e actualizacións deste PEMU, as datas nas que se fixo e quen aprobou as modificacións ou cambios que se consideraron oportuno facer.

Tamén poderán propor a actualización do documento PEMU (rexistrando na nova copia os datos requiridos de versión, revisión, datas, aprobación, etc.) e a distribución da copia actualizada a:

- Director do PEMU
- Director Técnico de Operacións
- Compoñentes do Comité Asesor
- Compoñentes do CECOPAL
- Xefes dos Grupos Operativos
- Persoal implicado neste PEMU
- CIAE 112 - Galicia
- Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de Protección Civil.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 77 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

- Calquera outra persoa implicada directa ou indirectamente no Plan
- Páxina web do Concello.

NOTIFICACIÓNS AOS INTEGRANTES DESTE PEMU

Para acadar a adecuada operatividade ante situacións de emerxencia no Concello de **Nome do Concello**, faise necesario que todas as persoas relacionadas con este Plan de Emerxencia, de forma directa ou indirecta, coñezan os termos, contidos e regulamentacións polas que se rexe este Plan.

Para conseguir avanzar na súa implantación, seguindo as oportunas indicacións do Director do PEMU deste Concello, notificáraselle a tódalas persoas físicas ou xurídicas relacionadas, a súa inclusión no devandito Plan.

Do mesmo xeito, entregaráselle unha copia completa deste PEMU, así como todas as informacións complementarias que se consideren pertinentes para cada un dos integrantes deste Plan.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 78 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CAPÍTULO XI. INTEGRACIÓN NO PLATERGA

Cando a natureza, a extensión da emerxencia ou os recursos a mobilizar sexan tales que desborden a capacidade de resposta do Concello, procédese a integración do PEMU DE **Nome do Concello** no PLATERGA.

Unha vez se declare o Nivel 0 ou o Nivel 0E de Emerxencia polo Director do PEMU, o Nivel 1 do PLATERGA, realizará funcións de seguimento e avaliación, garantindo, a prestación do apoio correspondente, de ser preciso.

Si está constituída a Xunta Local de Protección Civil nela debe haber un representante da Xunta. Modificar o seguinte paragrafo para adecualo.

Esta función pódese realizar a través do representante da Comunidade Autónoma no **Comité Asesor do PEMU** ou no Comité de Dirección do PEMU (no caso do Nivel 0E).

Este representante realizará funcións de seguimento, información e comunicación ao Nivel superior pero non é óbice para que se fagan as notificacións formais correspondentes.

De ser o caso, realizarase a integración do PEMU DE **Nome do Concello** no PLATERGA, de acordo co previsto no apartado k) do punto 4 (Directrices para a súa elaboración) da NORMA BÁSICA DE PROTECCIÓN CIVIL, onde se establece a "Articulación dos plans dos distintos niveis territoriais con homoxeneidade de deseños, terminoloxía e contidos", e tal como se explica no Capítulo VI. Operatividade, deste PEMU.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 79 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CAPÍTULO XII. ANEXOS DO PEMU DE NOME DO CONCELLO

*Esta parte do Documento PEMU **NON é pública** xa que contén nome de persoas, direccións, datos persoais, teléfonos, etc., que están protexidos pola Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, (LOPD), que non se poden publicar é que pode ser contraproducente facelo.*

Nesta parte do documento relaciónanse as figuras e cargos do Plan, coas persoas físicas que neste momento as desempeñan, así como calquera outra información que pode ser útil para a activación do mesmo nun caso de emerxencia.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 80 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

ANEXO I. DIRECTORIO TELEFÓNICO

FIGURA DO PEMU	NOME	CARGO	DIRECCIÓN	TELÉFONOS	E-MAIL
Director do PEMU					
<i>Suplente Dirección PEMU</i>					
Director Técnico de Operacións					
<i>Suplente Direct. Técnico de Operacións</i>					
Coordinador Comité Asesor					
<i>Suplente Coordinador Comité Asesor</i>					
Gabinete información CIN					
<i>Suplente CIN</i>					
Coordinador SACOP					
<i>Suplente Coordinador SACOP</i>					
Xefe do Grupo de					

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 81 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

Intervención					
Suplente Xefe do Grupo de Intervención					
Integrantes Grupo de Intervención					
Xefe do Grupo Sanitario e acción social					
Suplente Xefe do Grupo Sanitario e acción social					
Integrantes Grupo Sanitario e acción social					
Xefe do Grupo de Apoio Loxístico e					

Seguridade					
Suplente Xefe do Grupo de Apoio Loxístico e Seguridade					
Xefe Unidade Operativa apoio Loxístico					
Suplente Xefe Unidade Operativa apoio Loxístico					
Integrantes Unidade Operativa apoio Loxístico					
Xefe Unidade Operativa de Seguridade					
Suplente Xefe Unidade Operativa de Seguridade					
Integrantes Unidade Operativa de Seguridade					

Xefe Grupo Apoio e Rehabilitación					
Suplente Xefe Grupo Apoio e Rehabilitación					
Integrantes Grupo Apoio e Rehabilitación					
Teléfonos de contacto de Servicios de Protección e emerxencia supramunicipais					
AXEGA					
112					
061					
D.X. de Emerxencia e Interior					
Xefe do Servicio Provincial de					

Emerxencia e Interior					
Obras Deputación					
Locais e Servicios do Concello e outros teléfonos					

ANEXO II. CARTOGRAFÍA

Neste apartado débese incluír a maior cantidade de información cartográfica dispoñible, relativa ao Concello. Pódense utilizar mapas xa confeccionados ou de elaboración propia. Habitualmente os Servicios de Planificación urbanística, servicios de obras, eléctricos, saneamento, etc., acostuman a ter gran cantidade de mapas que se poden solicitar, ben en papel ou en soporte informático para logo editalos e adaptalos aos requirimentos deste Plan.

Subsidiariamente pódense descargar da páxina web da Xunta de Galicia, información cartográfica oficial (en PDF e en formato informático editable) información do Concello. Estas capas de información convén editala e adaptala as necesidades do PEMU.

CARTOGRAFÍA XERAL

Mapas xerais de localización do Concello dentro da Provincia, da Rexión, etc. A unha escala imprimible.

CARTOGRAFÍA TEMÁTICA

Mapas de hidrografía, relevo, vías, ferrocarril, infraestruturas, saneamentos, centros de transformación eléctrico e distribución, etc.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 87 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA

Mapas de riscos, de localización dos medios ou recursos, vías de evacuación, cortes de estradas, zonas de inundación, heliportos, etc. Obrigatorio.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 88 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

ANEXO III. MANUAIS OPERATIVOS

Este apartado debe ser elaborado polos Xefes de cada Grupo operativo, en coordinación co Director Técnico de Operacións e os compoñentes do Grupo. Preténdese deixar claro a forma de actuar de cada Grupo e os comportamentos a evitar co fin de utilizar procedementos eficaces. Poden elaborarse en forma de manuais o de fichas, coma as que se adxuntan a modo de exemplo.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 89 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

FICHA DE ACTUACIÓN 1	DIRECTOR DO PLAN
ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR	
<u>FUNCÍONS/ACCIÓNS</u> - Avisado do sinistro ou da previsión de risco: deberá informar os órganos e autoridades que se indiquen en cada caso - Contactar co CIAE112 para: - Confirmar o aviso, ampliar e contrastar a información. - - Facer unha valoración inicial (ampliando, se é necesario, a información): - Determinar con exactitude o lugar e o alcance do accidente. - Persoas afectadas. - Danos materiais. - <u>Fase alerta</u> - Dar a orde de tomar as medidas preventivas necesarias. - Se o considera conveniente, dar a orde de activar formalmente o plan no nivel de alerta e darlles o aviso aos membros do Comité Asesor, sen convocalos. Comunicar esta activación ao CIAE112. - Facer un seguimento da alerta e, se o cre conveniente, dirixirse ao CECOPAL. - Facer o mantemento de contactos co CIAE112. <u>Fase emerxencia</u> - Debe contactar co director do Platerga, para concretar a activación do plan de forma coordinada. Debe de activar o plan no nivel de emerxencia e comunicarlle esta activación ao CIAE112. - Co Comité Asesor, debe decidir a constitución dos grupos operativos locais. - Constituír o CECOPAL. Deberá de ampliar, se é posible, as liñas e os aparatos de comunicación (teléfono, fax e radio). - Avaliar os posibles riscos á poboación. - Dar a orde de tomar as medidas preventivas necesarias e/ou de intervención no sinistro. - Verificar a realización das tarefas encomendadas ao municipio. Especialmente: - Avisos á poboación, especialmente aos elementos vulnerables. - Tarefas de evacuación e acollida. - Organización da loxística municipal. - Apoio á intervención. - Solicitar, no caso de ser necesario, o apoio dos grupos actúantes do Plan TRANSGAL. - Facer o seguimento do accidente dende o CECOPAL. Ao longo da emerxencia debe manter contactos co director do PLATERGA en nivel superior, e o PMA, para facer o seguimento da emerxencia, contrastando informacións e previndo posibles necesidades. - Recolle información e transmitir os datos significativos ao Gabinete de Información. Conxuntamente con este Gabinete de Información, atenderá a prensa que se encontra cubrindo a emerxencia. Transmitirá, unicamente, a información a nivel municipal. Os datos de carácter global, proporcionaraos sempre o Gabinete de Información do Plan TRANSGAL. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> - Os propios do concello. - Servizos, empresas e persoas do municipio. <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> - CECOPAL <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> - Cartografía xeral e cartografía específica (<i>ver anexo específico deste manual</i>). - Modelos de comunicados: de activación, de desactivación, de evacuación e de confinamento. - PLATERGA E PEMU. .	

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 90 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

FICHA DE ACTUACIÓN 2	DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA
ACCIÓN QUE SE VAN REALIZAR	
<u>FUNCIÓN/ACCIÓN</u> • Aviso do sinistro ou previsión do risco. • Valoración inicial. <u>Fase alerta</u> • Se o cre conveniente, aviso ao responsable do plan mantendo o contacto para indicalo como evoluciona o sinistro. • Se o cre conveniente, suxerirle ao responsable do plan (o alcalde) dar a orde de avisar aquelas persoas ou aqueles servizos que teñen que tomar as medidas preventivas necesarias (en caso de avisalos, será a encargada de coordinalos). • Estar en alerta e facer o seguimento. <u>Fase emerxencia</u> • Aviso ao responsable do plan (alcalde). • Suxerir ao responsable do plan (alcalde) dar a orde de avisar aquelas persoas ou aqueles servizos que teñen que tomar as medidas preventivas necesarias e/ou intervir no sinistro. • Coordinar os servizos municipais que estean a actuar no sinistro ou tomen medidas preventivas. • Dirixirse ao CECOPAL. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • Comunicacións <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> • En caso que se active o plan, ao CECOPAL. • No caso de terse constituído, ao PMA. <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> • Listaxes telefónicas. • Cartografía xeral e cartografía específica (<i>ver anexo específico deste manual</i>). • Modelos de comunicados. • PLATERGA e PEMU.	

FICHA DE ACTUACIÓN 3	XEFE DO GABINETE DE INFORMACIÓN
ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u> - Centralizar, coordinar e preparar a información que recibe, sobre a emerxencia e facilitárllela á poboación, aos grupos operativos ou outras administracións a través dos medios de comunicación. <u>Fase alerta</u> - Difundir en nome do director a declaración de alerta do Plan de emerxencia municipal. - Difundir os consellos de autoprotección axeitados á poboación durante a situación de risco (<i>ver anexo específico</i>). - Recoller e difundir a información sobre a situación de risco. - Difundir en nome do director a desactivación do plan. - Unha vez pasada a situación de risco, atender os medios de comunicación social, proporcionándolles a información necesaria e corrixir informacións erróneas. <u>Fase emerxencia</u> - Difundir en nome do director a declaración de emerxencia do Plan de emerxencia municipal. - Preparar e difundir as mensaxes de información á poboación durante a situación de emerxencia (<i>ver anexo específico</i>): - Sobre o risco e sobre as medidas de autoprotección. - Sobre as medidas que se están a levar a cabo para resolver a situación e para manter as subministracións esenciais. - Recoller e difundir a información sobre a situación de risco, en coordinación co Gabinete de Prensa do Plan TRANSGAL. - De ser o caso, control da listaxe de persoas evacuadas e/ou confinadas e lugar onde están situadas, a través do Grupo de Acción Loxístico e de Seguridade. - Se é necesario garantir a constitución dun punto de información á poboación e aos medios de comunicación, con información da localización dos afectados e con información contrastada e autorizada sobre o sinistro e os medios dispostos para resolvelo. - Difundir en nome do director a desactivación do plan. - Pasada a emerxencia, atender os medios de comunicación social, proporcionando a información necesaria e corrixindo informacións erróneas. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 92 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

FICHA DE ACTUACIÓN 4	XEFE DO GRUPO DE ACCIÓN DE INTERVENCIÓN
ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u> <u>Unha vez recibido o aviso da situación de emerxencia por inundacións:</u> • Debe contactar co alcalde (ou o seu substituto), demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarase ata el. • Debe contactar cos membros do grupo e convocalos no concello. • De acordo co alcalde e segundo as necesidades, constituirá o grupo co persoal axeitado que reúna as seguintes características: - Tendo en conta as características físicas e os coñecementos, os equipos de axuda á intervención • Organizar os relevos cando sexa conveniente. • De acordo co responsable do Grupo de Acción Loxístico e de Seguridade, organizar o avituallamento dos equipos. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> • <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> •	

FICHA DE ACTUACIÓN 5	XEFE DO GRUPO DE ACCIÓN SANITARIO
ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u> • Contactar co alcalde, demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí. • Activar o Grupo de Acción Sanitario. • Unha vez declarada a activación do Plan de protección civil municipal, o responsable do grupo asignará asistencia sanitaria no lugar do accidente dende onde se asistirá e decidirá o traslado de posibles vítimas ao hospital máis próximo ou ao máis indicado. • Decidir a localización das ambulancias necesarias, de acordo co xefe do Grupo de Intervención. • Organizar, conxuntamente co xefe do Grupo Loxístico e de Seguridade, a asistencia sanitaria das persoas evacuadas aos lugares de acollida do concello, se é o caso. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • <u>LUGAR AO QUE DIRIXIRSE</u> • CECOPAL <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> •	

FICHA DE ACTUACIÓN 6	XEFE DO GRUPO DE ACCIÓN LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE
ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u> • Contactar co alcalde, demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí. • Activar o Grupo de Acción Loxístico e de Seguridade. <u>ACCIÓNS RESPONSABLE UNIDADE DE APOIO LOXÍSTICO</u> • Cuantificar, prever e ter localizados os medios extraordinarios dispoñibles no municipio (<i>ver en anexos, o directorio telefónico que acompaña a este manual</i>). • Xestionar de mutuo acordo a demanda dos recursos necesarios, públicos ou privados, que se poden obter no termo municipal. • Controlar o uso dos recursos xestionados e o seu estado. • Se é o caso, activación dos centros de acollida e os seus responsables. • Se é o caso, establecerá, o reforzo das comunicacións do centro de acollida. • Prever o avituallamento dos centros de acollida. • Manterá contacto co xefe e organizará, xuntamente co Grupo Sanitario posibles atencións nos centros de acollida. • A demanda de recursos alleos ao municipio farase sempre dende o CIAE112. <u>ACCIÓNS RESPONSABLE UNIDADE DE SEGURIDADE</u> • Establecer o aviso telefónico e/ou o desprazamento aos núcleos illados. Considerar se é necesario o confinamento ou a evacuación. (<i>Ver o directorio telefónico e o cadro de elementos vulnerables nos anexos que acompañan a este manual</i>). • Determinar conxuntamente co alcalde a necesidade de informar o conxunto da poboación. • En caso de evacuación, determinarase conxuntamente co alcalde, en función da área que se vai evacuar, o centro ou centros de acollida. • Encargarlles aos membros do grupo: - O control de accesos nas vías que permiten acceder aos lugares de intervención, para impedir o acceso de persoas non autorizadas. - Sinalización das vías de acceso, para favorecer a chegada dos grupos actuantes. • Establecer a mensaxe e determinar as rutas de aviso e evacuación. • Mobilizar, en caso de ser necesario, os medios de transporte necesarios para a evacuación. • Executar a evacuación. • Prever, co xefe do Grupo Loxístico e de Seguridade do Plan TRANSGAL, a vixilancia das zonas evacuadas. <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> • CECOPAL • PMA <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> •	

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 94 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

FICHA DE ACTUACIÓN	
ACCÍONS QUE SE VAN REALIZAR	
<u>FUNCÍONS/ACCÍONS</u> (en situación de alerta e en situación de emerxencia, para cada nivel, se é o caso) • <u>Fase alerta</u> • <u>Fase emerxencia</u> • <u>MEDIOS E RECURSOS</u> • <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> • <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> •	

ANEXO IV. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

Neste apartado débese engadir unha copia en papel do contido do Catálogo de Medios e Recursos do PEMU.

Debe conter, ademais dos medios de intervención convencionais, información de lugares de refuxio e illamento, puntos de evacuación, heliportos, tomas de auga, etc., ou calquera outro medio ou recurso que se crea oportuno e pertinente nunha emerxencia.

OUTROS ANEXOS

Neste apartado engadirase tódolos anexos, informacións, gráficos e informacións que se consideren pertinentes e necesarias para o desenvolto do Plan. Inclusive Plans de Autoprotección ou Plans de Eventos especiais.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 96 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------

CAPÍTULO XIII. PAMS

Os Plans de Actuación Municipal (PAM) son os Plans específicos para facerlle fronte a determinados riscos no Concello, tal como indica a Norma Básica de Protección Civil.

Estes Plans estarán en función do Plan Especial do que se trate e recollerán, se é o caso, as actuacións derivadas dos

- Plans de Emerxencia Exterior orixinado por un Risco Industrial.*
- Plan de Emerxencias por Incendios Forestais.*
- Plan de Emerxencias polo Transporte de Mercadorías Perigosas*
- Plan de Emerxencias por Inundacións.*
- Plan de Emerxencias por Movementos Sísmicos.*
- Plans de Presas.*

Débense revisar os Plans autonómicos sinalados e verificar a afectación do Concello.

Neste momentos están dispoñibles modelos (documentos base) para a realización de PAM por risco de Inundacións, Incendios Forestais e Transporte de Mercadorías Perigosas.

Para simplificar a realización dos PAMs pódense facer, nos apartados correspondentes, referencias ao contido do PEMU, para evitar a repetición das informacións.

PEMU DO CONCELLO	VERSIÓN 1 REVISIÓN 0	ACTUALIZADO A: 03/11/2020 10:17:00	Páx. 97 de 97
------------------	-------------------------	---------------------------------------	---------------